



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Educación para a saúde e a súa didáctica

Materia	Educación: Educación para a saúde e a súa didáctica			
Código	P02G110V01301			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Losada, María Mercedes			
Profesorado	Varela Losada, María Mercedes			
Correo-e	mercedesvare@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	O concepto actual de saúde está baseado nunha visión integral do ser humano, que inclúe, ademais dunha percepción física e psicolóxica, novas dimensións sociais e ambientais. Neste marco, a educación para a saúde convértese nun elemento esencial para o desenvolvemento integral das persoas. E débese entender dentro do contexto de promoción da saúde, que inclúe, non só accións a nivel individual, se non tamén actuacións orientadas a mellorar as condicións de vida de toda a comunidade. Así, a maioría dos currículos formais que existen actualmente incorporan gran parte dos contidos que trata a educación para a saúde. Desta forma, o Decreto que fixa as bases da Educación Infantil en Galicia establece como finalidade principal a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
A2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Diseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia
A8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
A9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelas nos estudantes
B1	Capacidade de análise e síntese

B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B17	Creatividade
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B21	Motivación pola calidade
B22	Sensibilidade por temas ambientais

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer os principios básicos dun desenvolvemento e comportamento saudables.	A2 A3 A4 A5 A8	B3 B6 B12 B19 B22
Identificar trastornos no sono, da alimentación, do desenvolvemento psicomotor, da atención e da percepción auditiva e visual. Colaborar co persoal especializado para identificar e axudar a solucionar posibles trastornos. Detectar carencias afectivas, alimenticias e de benestar que perturban o desenvolvemento físico e psíquico do alumnado.	A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10	B1 B3 B8 B9 B11 B12 B13 B19
Saber programar actividades e deseñar recursos didácticos para desenvolver a educación para a saúde na escola. Familiarizarse coas metodoloxías, recursos e materiais necesarios para a ensinanza da Educación para a saúde, incluídos os recursos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. Revisar de forma crítica as prescricións e orientacións o Currículo de Educación Infantil.	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A11	B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9 B12 B13 B14 B15 B17
Saber avaliar as programacións realizadas tendo en conta o Currículo de Educación Infantil.	A1 A3 A4 A5 A9 A11	B1 B2 B3 B7 B8 B13 B14 B21

Contidos

Tema		
BLOQUE 1.		
A saúde como concepto sistémico	A evolución do concepto de saúde. Os determinantes de saúde.	
A educación para a saúde	A educación para a saúde, baixo a perspectiva da promoción da saúde. As actitudes cara a saúde.	
	A necesidade da Educación para a saúde na escola.	

BLOQUE 2 Revisión de aspectos básicos do desenvolvemento das nenas e nenos de 3 a 6 anos. Ámbitos de aplicación da Educación para a saúde.	Elementos básicos de desenvolvemento psicolóxico, afectivosexual, do alumnado de Infantil. Principais ámbitos de aplicación: educación para a alimentación e o consumo, educación para a igualdade, educación emocional, educación afectivosexual, prevención de adicións e riscos, educación ambiental e educación viaria. Atención a alumnado con necesidades educativas especiais.
BLOQUE 3 Estratexias didácticas para promover a aprendizaxe da Educación para a saúde. Análise de recursos e técnicas de avaliación específicas para promover a saúde na escola.	Aspectos legislativos relacionados coa Educación para a saúde na etapa de Educación Infantil. A educación para a saúde no currículo de Infantil Análise, deseño e avaliación de actividades relacionadas coa Educación para a saúde. Achegas da aprendizaxe cooperativa a Educación para a saúde

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Proxectos	15	30	45
Estudo de casos/análises de situacións	10	20	30
Traballos de aula	10	25	35
Debates	3	8	11
Sesión maxistral	5	0	5
Actividades introdutorias	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	2	0	2
Presentacións/exposicións	4	12	16
Outras	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Proxectos	Elaboración en grupos de proxectos integrados que conteñan aspectos relacionados coa educación para a saúde en EI.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise de actividades de aula relacionadas con educación para a saúde.
Traballos de aula	Realización de traballos en grupo e individuais na aula.
Debates	Posta en común e debate dalgún caso que inclúa a perspectiva C-T-S
Sesión maxistral	Exposición de contidos relacionados coa materia
Actividades introdutorias	Actividades de introdución e avaliación inicial
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Probas individuais relacionadas con contidos da materia
Presentacións/exposicións	Elaboración de presentacións-resumo sobre algún ámbito da educación para a saúde

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proxectos	Titorías individuais ou en pequeno grupo
Estudo de casos/análises de situacións	Titorías individuais ou en pequeno grupo
Traballos de aula	Titorías individuais ou en pequeno grupo

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Proxectos	Elaboración en grupos de proxectos relacionados cos diferentes ámbitos da educación para a saúde	40
Estudo de casos/análises de situacións	O alumnado realizará estudos de casos, de forma individual ou en grupos	15
Traballos de aula	Elaboración de diversos traballos de aula de forma tutelada	25
Outras	Participación activa nas distintas tarefas (debates, presentacións, coavaliacións...) e actitude cooperativa nos traballos grupais. Realización de pequenas probas individuais sobre contidos da materia	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

*Para aprobar a materia será necesario asistir con regularidade ás clases e realizar satisfactoriamente as actividades de aula. O alumnado que non cumpra estes requisitos deberá entregar un traballo e presentarse ao exame final, onde se avaliarán todos aqueles contidos traballados na aula

**O alumnado que non acade o aprobado poderá presentarse en segunda convocatoria (Xullo), neste caso, deberá entregar un traballo e presentarse ao exame. onde se avaliarán todos aqueles contidos traballados na aula

***Neste curso continuarase a experimentar o Proxecto de Innovación: "DESEÑO E IMPLANTACIÓN DE PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN GRAOS E POSGRAOS A TRAVÉS DA PLATAFORMA TEMA: CUESTIONARIOS KPSI, RÚBRICAS E MAPAS CONCEPTUAIS EN FORMATO DIXITAL" , consistente no deseño e implantación de procedementos que inciden no proceso de aprendizaxe (avaliación formativa e formadora, na que o alumnado é corresponsable) a través dos seguintes instrumentos: Cuestionarios ou formularios Knowledge and Prior Study Inventory (KPSI), Rúbricas ou matrices de valoración e Mapas Conceptuais. Todos eles están inseridos na combinación entre o traballo cooperativo e o individual, pois se ben os procesos de aprendizaxe teñen lugar socialmente, a aprendizaxe é individual. No caso dos Mapas Conceptuais tamén se utilizan como probas de execución ou realización.

Bibliografía. Fontes de información

BARRAGÁN, F. e BRODY, C., **Niños, Niñas, Maestras, Maestros. Una propuesta de educación sexual**, Sevilla, 1993.,

BARRIO, C., **La comprensión infantil de la enfermedad. Un estudio evolutivo**, Madrid, 1990.,

COSTA, C. e LÓPEZ, M., **Educación para la salud. Una estrategia para cambiar los estilos de vida**, Madrid, 1996.,

LUCINI, F., **Temas transversales y educación en valores**, Madrid, 1994.,

XUNTA DE GALICIA, **Medrando sans**, Santiago,

XUNTA DE GALICIA, **Currículo de Educación Infantil**, Santiago, 2007.,

VVAA, **Materiais para la Educación Infantil**, Madrid, 1992.,

VVAA, **Educación para la salud: la alimentación**, Barcelona, 2004,

Recomendacións
